

**NORMATIVA POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR INTERINO E LABORAL CONTRATADO
(Aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de maio de 2004)**

ÍNDICE

1.- Normas xerais.....	2
2.- Convocatoria e presentación de instancias.....	2
3. Requisitos.-	2
3.1 Requisitos de carácter xeral.....	2
3.2 Requisitos específicos para cada figura:.....	3
a) Axudantes:.....	3
b) Profesor Axudante Doutor:.....	3
c) Profesores Colaboradores:.....	3
d) Profesores Contratados Doutores:	3
e) Profesores Asociados:	3
f) Catedráticos e profesores titulares interinos.....	3
4. Documentación.....	4
5. Relación de admitidos e excluídos.	4
6. Comisións de selección	4
7. Actuación das comisións	5
8.- Proposta de nomeamento ou de contratación.....	6
9. Actuación da comisión de reclamacións.	6
10. Resolución do concurso.....	6
11. Contratación e incorporación.	6
Baremo para a contratación de profesorado	8
Axudante.....	8
Axudante doutor	9
Colaborador / Profesor titular de E.U. Interinos.....	10
Contratado doutor, Catedrático de Universidade, Profesor titular de Universidade e Catedrático de E.U. Interinos	11
Profesores Asociados.....	12
Normas de aplicación do baremo	13
1.- Valoración dos expedientes académicos de primeiro e segundo ciclo.....	13
2.- Valoración dos expedientes académicos de Terceiro Ciclo.	13
3.- Grao de doutor:	14
Procedemento de selección de Contratados Doutores.....	15
Documentos acreditativos dos méritos e estrutura do currículo.....	17
1. Formación académica.....	17
2. Experiencia docente.....	17
3. Experiencia investigadora e outros méritos.....	17
Estrutura do currículo	19

NORMATIVA POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR INTERINO E LABORAL CONTRATADO.

1.- NORMAS XERAIS.- Os concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, rexeranse polas bases da correspondente convocatoria e polo disposto na normativa seguinte:

- Capítulo I do Título IX da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (B.O.E. do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril).
- Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galiza de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004)
- O Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (DOG do 27 de outubro de 2006)
- Os acordos do Consello de Goberno aplicables á convocatoria.
- A restante normativa de xeral aplicación.

2.- CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

2.1. A convocatoria do concurso definirá a praza polo nome da súa área de coñecemento, indicando o departamento a que corresponde. Así mesmo, especificará as actividades a realizar por quen obtiver a praza, referidas a unha ou varias materias das que se cursen para a obtención de títulos oficiais.

A existencia das especificacións indicadas en ningún caso suporá, para quen obtiver a praza, un dereito de vinculación exclusiva a esa actividade docente, nin limitará a competencia da Universidade para lle asignar outras obrigas docentes e/ou investigadoras, de acordo coas funcións que a LOU establece para cada modalidade de contratación.

2.2. As instancias solicitando tomar parte no concurso presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE de 27 de novembro), utilizando o modelo oficial que se facilitará nos rexistros indicados, e na páxina web da universidade. Nos mesmos lugares será facilitado o modelo de "curriculum vitae".

2.3. Presentarase unha instancia e currículo por cada unha das prazas a que se aspire.

2.4. O prazo de presentación das solicitudes non poderá ser inferior a dez días e a data do seu remate deberá figurar na convocatoria.

3. REQUISITOS.- Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos no derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes.

3.1 Requisitos de carácter xeral:

- a) Ter cumprido os dezaioito anos e non ter cumprido a idade de xubilación.
- b) Estar en posesión do título académico esixido para cada figura. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión de Profesor de Universidade.

- c) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impida o desempeño das funcións.
- d) Non ter sido separado do servizo, nin inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.
- e) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.

Os requisitos c), d) e e) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

3.2 Requisitos específicos para cada figura:

- a) **Axudantes:**¹
 - Estar admitidos ou en condicións de ser admitidos nos estudos de doutoramento.
- b) **Profesor Axudante Doutor:**²
 - Estar en posesión do título de Doutor.
 - Avaliación previa positiva da súa actividade por parte do órgano correspondente de avaliación externo.
- c) **Profesores Contratados Doutores:** ³
 - Estar en posesión do título de Doutor.
 - Avaliación positiva desa actividade por parte do órgano correspondente de avaliación externa.
- d) **Profesores Asociados:**
 - Ser especialista de recoñecida competencia na materia para que é contratado e acreditar o exercicio da súa actividade profesional fóra da universidade.
- e) **Catedráticos e profesores titulares interinos**
 - Reunir os requisitos de titulación previstos no artigo art. 5 do Real Decreto 774/2002, de 26 de xullo, por que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a Corpos de Funcionarios Docentes Universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos

¹ **Texto suprimido:** 1. Ter superado todas as materias correspondentes aos estudos de doutoramento.

2. Non ter sido Axudante de acordo co réxime xurídico da Lei Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria (disposición transitoria 4ª da LOU), o que deberá acreditarse mediante declaración.

² **Texto suprimido:**

- Declaración de non ter tido relación contractual, estatutaria ou como bolseiro na Universidade de que se trate durante ao menos dous anos.
- Acreditar a realización de tarefas docentes e/ou investigadoras por un período mínimo de dous cursos académicos en centros non vinculados á Universidade contratante.

A aquelas persoas que á entrada en vigor da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, estivesen contratados nesta Universidade como axudantes ou asociados non lles será de aplicación o disposto no seu artigo 50 sobre desvinculación da UDC durante dous anos.

c) **Profesores Colaboradores:**

- Ser Licenciados, Arquitectos e Enxeñeiros ou Diplomados Universitarios, Arquitectos Técnicos ou Enxeñeiros Técnicos.
- Informe favorable do órgano correspondente de avaliación externa.

³ **Texto suprimido:**

- Acreditar ao menos tres anos de actividade posdoutoral docente e investigadora, ou prioritariamente investigadora.

4. DOCUMENTACIÓN.-

4.1. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán á súa instancia cos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI ou documento equivalente.
- b) Copia compulsada ou legalizada do título académico esixido para cada figura ou certificación que acredite o pagamento dos dereitos para a súa expedición. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión de Profesor de Universidade.
- c) Xustificante do pagamento das taxas.
- d) Documentos acreditativos dos demais requisitos específicos esixidos para cada figura, na forma que se indica no anexo III.

4.2. Os documentos que constitúan o "curriculum vitae" do concursante presentaranse encadernados e foliados, estendendo ao final unha dilixencia axustada ao modelo que figura como Anexo V da presente normativa .

Pola súa parte, o rexistro da Universidade, despois de feitas as comprobacións pertinentes, incorporará a continuación outra dilixencia axustada ao modelo que figura no mesmo anexo.

5. RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

5.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días naturais publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade, na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da universidade, con mención expresa do nome, apelidos e documento nacional de identidade e, se for o caso, as causas de exclusión.

5.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido o devandito prazo, o Reitor ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

5.3. De acordo co previsto no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, de 26 de novembro, estas publicacións substituirán a notificación persoal aos interesados e producirán os mesmos efectos que a notificación persoal.

6. COMISIÓNS DE SELECCIÓN

6.1. De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada.

6.2. Formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días desde a notificación por parte da universidade; rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este representante actuará con voz e sen voto.

6.3. Segundo o art. 83 dos Estatutos da UDC, as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado estarán presididas polo Decano ou Director do centro e formarán parte dela o Director do Departamento a que se adscriba a praza, que actuará como secretario, e tres membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso, nomeados polo Consello de Goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo Consello de Departamento, sendo funcionario ao menos un deles.

De non existir número suficiente de profesores na área que reúnan os requisitos sinalados no apartado 6.1, designaranse profesores das áreas afíns que establece o anexo⁴ IV desta normativa. No caso de

⁴ **Texto suprimido:**

anexo V do Real decreto 774/2002, de 26 de xullo, por que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a Corpos de Funcionarios Docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos (B.O.E. do 7 de agosto)

persistir a insuficiencia, serán designados por sorteo entre profesores das áreas con docencia na mesma titulación por teren materias troncais nos planos de estudo.

Da mesma maneira, deberán nomearse os membros suplentes das comisións, en previsión dos supostos a que se refire o artigo seguinte.

6.4. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao Reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días a contar desde a recepción da renuncia, procedéndose á substitución polo correspondente suplente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas non art. 28 da Lei de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992 (B.O E. 27 de novembro) deberán absterse de intervir e comunicarano ao Reitor para a designación do suplente no prazo de tres días sinalado no parágrafo anterior.

6.5. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do presidente ou do secretario da comisión, estes serán substituídos respectivamente polo Vicedecano ou profesor do centro de maior categoría e antigüidade e polo profesor do Departamento de maior categoría e antigüidade.

6.6. A composición das comisións de selección farase pública na resolución que aprobe as relacións definitivas de aspirantes admitidos e excluídos ao concurso.

6.7. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

6.8. Considerarase mérito preferente estar habilitado para participar nos concursos a que se refire o artigo 62 da Lei orgánica de universidades.

6.9 Será mérito preferente a estadía do candidato en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, españois ou estranxeiros, distintos da universidade da Coruña.

7. ACTUACIÓN DAS COMISIÓNS

7.1. Unha vez publicada a relación definitiva de aspirantes e a composición da Comisión, o Presidente desta procederá, no prazo de sete días, a constituír a mesma.

Se por causa xustificada a Comisión non se puidese reunir no referido prazo de sete días a contar desde a publicación da lista definitiva, o presidente deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días seguintes, que fará pública no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días.

7.2. Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constituía a Comisión, o Reitor procederá a nomear un novo presidente.

7.3. A Comisión actuará sempre no centro a que pertenza o presidente.

7.4. As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto.

7.5. No mesmo acto de constitución, a Comisión establecerá os criterios de avaliación, dentro dos límites establecidos polo baremo sinalado nesta normativa, que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade dos aspirantes. No caso de prazas convocadas en cumprimento da disposición transitoria terceira dos vixentes Estatutos, a comisión deberá puntuar tamén os apartados específicos contemplados nos correspondentes baremos.

Os criterios faranse públicos no taboleiro do centro. Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada que até ese momento permanecerá precintada baixo a custodia do Presidente.

Nos concursos para a selección de contratados doutores seguirase o procedemento de selección que figura no anexo II, agás no previsto na disposición transitoria terceira dos Estatutos para o profesorado da UDC

7.6. Os acordos das Comisións, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente.

8.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU DE CONTRATACIÓN

8.1. As Comisións redactarán unha acta en que se reflectirá a puntuación acadada por cada un dos concursantes, seguindo todos e cada un dos apartados do baremo que se establece no anexo I da presente normativa.

No caso dos contratados doutores redactarase unha acta de cada unha das probas, á que se xuntarán os informes a que se refire o procedemento de selección.

8.2. Seguidamente, formularán a súa proposta de resolución, en que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

8.3. Se a Comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando pormenorizadamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

8.4. Esa proposta de resolución farase pública no taboleiro de anuncios do Centro xunto coa acta das calificacións, concedéndolle a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días, contados a partir da publicación, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

8.5. As reclamacións deberán ser dirixidas ao presidente da Comisión e entregadas no Rexistro do centro en que aquela actúe.

8.6. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o presidente da Comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, aos efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

8.7. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a Comisión encargada de vulgar a praza dará traslado do expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas, e suspenderase o nomeamento ou a contratación até que recaía resolución reitoral.

9. ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE RECLAMACIÓNS.

9.1. A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso.

9.2. A Comisión de Reclamacións adoptará os seus acordos por maioría, e remitirá seguidamente o expediente á Reitoría.

10. RESOLUCIÓN DO CONCURSO.

10.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o Reitor ditará resolución, atribuíndo a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de vulgala ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 54 da Lei 30/1992

10.2. A resolución farase pública nos taboleiros de anuncios do Reitorado e no Vicerreitorado do Campus de Ferrol, así como na páxina web da universidade. Esta publicación substituirá a notificación persoal aos interesados e producirá os mesmos efectos, segundo o previsto no art 59.6.b da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

10.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o Reitor, no prazo dun mes, de acordo co establecido no art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE do 27 de novembro).

11. CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN.

11.1. A persoa candidata a que se lle adjudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días no Servizo de Persoal Docente e Investigador para a formalización do nomeamento ou contrato. Se houber lugar a presentación de solicitude de autorización de compatibilidade o prazo para o nomeamento ou contratación quedará automaticamente prorrogado até a súa resolución.

11.2. O candidato incorporarase á súa función ao día seguinte ao da formalización do nomeamento ou contrato perante o Decano ou Director do centro, que dará conta da incorporación ao Vicerreitor de Profesorado.

11.3. No suposto de que a persoa candidata exercese outra actividade manifestamente incompatible, renunciara á praza ou non chegase a incorporarse no prazo sinalado, o Reitor procederá a asignar a praza ao seguinte concursante segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando a apertura de novo concurso.

ANEXO I

BAREMO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORES

AXUDANTE

* BAREMO DE MÉRITOS *

1. **FORMACIÓN ACADÉMICA.-** Valoraranse neste apartado as titulacións segundo a súa adecuación para o desempeño da praza convocada até un máximo de 26 puntos, distribuídos do seguinte xeito:
 - 1.1. Expediente académico: máximo 20 puntos
 - 1.2. Estudos de Terceiro Ciclo: máximo 2 puntos, en función da cualificación
 - 1.3. Tese de Doutoramento: máximo 2 puntos, en función da cualificación
 - 1.4. Premios extraordinarios: máximo 2 puntos

2. **FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA (máximo 18 puntos)**
 - 2.1. Bolsas de posgrao: máximo 2 puntos, até 0,5 puntos por ano de bolseiro.
 - 2.2. Estancias formativas noutras universidades ou centros de investigación: até 0,25 puntos por mes cun máximo de 3 puntos.
 - 2.3. Colaboración como bolseiro na docencia, cun mínimo de 30 horas: até 1 punto por ano, cun máximo de 3 puntos.
 - 2.4. Participación en proxectos de investigación, publicacións, comunicacións a congresos, etc.: máximo 10 puntos.
 - (*) 2.5. Actividade investigadora desenvolvida na Universidade da Coruña: máximo 4 puntos.

3. **OUTROS MÉRITOS (máximo 9,5 puntos)**
 - 3.1. Outros estudos de grao ou posgrago: máximo 3 puntos.
 - 3.2. Cursos recibidos: máximo 0,5 puntos
 - 3.3. Cursos impartidos: máximo 1 punto.
 - 3.4. Coñecemento de idiomas: até 0,5 puntos por idioma, cun máximo de 1,5 puntos.
 - 3.5. Coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma e da UDC: máximo 1 punto.
 - 3.6. Outros méritos: até un máximo de 2,5 puntos.

(*) Apartado específico ao que fai referencia o artigo 7.5

NOTA: As puntuacións máximas nos apartados de tese de doutoramento, docencia no ámbito universitario, colaboración como bolseiros e traballos publicados, corresponderán a actividades realizadas na área de coñecemento da praza obxecto do concurso, de tratarse de área afín a puntuación máxima será a metade.

As actividades como profesor titor da UNED incluíranse no apartado de outros méritos.

AXUDANTE DOUTOR

* BAREMO DE MÉRITOS *

1. **FORMACIÓN ACADÉMICA.-** Valoraranse neste apartado as titulacións segundo a súa adecuación para o desempeño da praza convocada até un máximo de 20 puntos, distribuídos do seguinte xeito:
 - 1.1. Expediente académico: máximo 12 puntos.
 - 1.2. Estudos de Terceiro Ciclo: máximo 2 puntos, en función da cualificación..
 - 1.3. Tese de Doutoramento: máximo 4 puntos, en función da cualificación.
 - 1.4. Premios extraordinarios: máximo 2 puntos
2. **FORMACIÓN/EXPERIENCIA DOCENTE (máximo 16 puntos)**
 - 2.1. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo completo: 3 puntos por ano.
 - 2.2. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial (6 horas lectivas semanais): 2 puntos por ano.
 - 2.3. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial (3 horas lectivas semanais): 1 punto por ano.
 - 2.4. Colaboración como bolseiro na docencia cun mínimo de 30 horas: até 1 punto por ano, cun máximo de 3 puntos.
 - 2.5. Docencia non universitaria: 0,25 puntos por ano.
 - 2.6. Participación en accións de formación e innovación educativa: máximo 4 puntos.
 - (*) 2.7. Actividade docente desenvolvida na Universidade da Coruña: máximo 4 puntos.
3. **FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA (máximo 20 puntos)**
 - 3.1. Bolsas de posgrao: máximo 2 puntos, até 0,5 puntos por ano de bolseiro..
 - 3.2. Estadías formativas noutras universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio distintos da universidade na que está contratado en calquera das figuras LOU: até 0,5 puntos por mes até un máximo de 9 puntos,
 - 3.3. Participación en proxectos de investigación, publicacións, comunicacións a congresos, etc.: máximo 13 puntos.
 - (*) 3.4. Actividade investigadora desenvolvida na Universidade da Coruña: máximo 6 puntos.
4. **OUTROS MÉRITOS (máximo 9,5 puntos)**
 - 4.1. Outros estudos de grao ou posgrao: máximo 3 puntos.
 - 4.2. Cursos recibidos: máximo 0,5 puntos
 - 4.3. Cursos impartidos: máximo 1 punto.
 - 4.4. Coñecemento de idiomas: até 0,5 puntos por idioma, cun máximo de 1,5 puntos.
 - 4.5. Coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma e da UDC: máximo 1 punto.
 - 4.6. Outros méritos: até un máximo de 2,5 puntos.

(*) Apartados específicos aos que fai referencia o artigo 7.5

NOTA: As puntuacións máximas nos apartados de tese de doutoramento, docencia no ámbito universitario, colaboración como bolseiros, e traballos publicados, corresponderán a actividades realizadas na área de coñecemento da praza obxecto do concurso, de tratarse de área afín a puntuación máxima será a metade.

As actividades como profesor titor da UNED incluíranse no apartado de outros méritos.

PROFESOR TITULAR DE E.U. INTERINO/CONTRATADO INTERINO DE SUBSTITUCIÓN

*** BAREMO DE MÉRITOS ***

- 1. FORMACIÓN ACADÉMICA.-** Valoraranse neste apartado as titulacións segundo a súa adecuación para o desempeño da praza convocada até un máximo de 13 puntos, distribuídos do seguinte xeito:
 - 1.1. Expediente académico: máximo 8 puntos.
 - 1.2. Estudos de Terceiro Ciclo: máximo 1 punto, en función da cualificación.
 - 1.3. Tese de Doutoramento: máximo 2 puntos, en función da cualificación.
 - 1.4. Premios extraordinarios: máximo 2 puntos
- 2. FORMACIÓN/EXPERIENCIA DOCENTE (máximo 30 puntos)**
 - 2.1. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo completo: 3 puntos por ano.
 - 2.2. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial (6 horas lectivas semanais): 2 puntos por ano.
 - 2.3. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial (3 horas lectivas semanais): 1 punto por ano.
 - 2.4. Colaboración como bolseiro na docencia cun mínimo de 30 horas: até 0,50 puntos por ano.
 - 2.5. Docencia non universitaria: até 0,25 puntos por ano.
 - 2.6. Participación en accións de formación e innovación educativa: máximo 4 puntos.
 - (*) 2.7. Actividade docente desenvolvida na Universidade da Coruña: máximo 10 puntos.
- 3. FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA (máximo 10 puntos)**
 - 3.1. Bolsas de posgrao competitivas: máximo 1 punto.
 - 3.2. Estancias formativas noutras universidades: máximo 2 puntos.
 - 3.3. Participación en proxectos de investigación, publicacións, comunicacións a congresos, etc.: máximo 7 puntos.
 - (*) 3.4. Actividade investigadora desenvolvida na Univesidade da Coruña: máximo 3 puntos.
- 4. EXPERIENCIA PROFESIONAL FORA DO ÁMBITO UNIVERSITARIO (máximo 7 puntos)**
- 5. OUTROS MÉRITOS (máximo 9,5 puntos)**
 - 5.1. Outros estudos de grao ou posgrao: máximo 3 puntos.
 - 5.2. Cursos recibidos: máximo 0,5 puntos
 - 5.3. Cursos impartidos: máximo 1 punto.
 - 5.4. Coñecemento de idiomas: até 0,5 puntos por idioma, cun máximo de 1,5 puntos.
 - 5.5. Coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma e da UDC: máximo 1 punto.
 - 5.6. Outros méritos: até un máximo de 2,5 puntos.

(*) Apartados específicos aos que fai referencia o artigo 7.5

NOTA: As puntuacións máximas nos apartados de tese de doutoramento, docencia no ámbito universitario, colaboración como bolseiros, e traballos publicados, corresponderán a actividades realizadas na área de coñecemento da praza obxecto do concurso, de tratarse de área afín a puntuación máxima será a metade.

As actividades como profesor titor da UNED incluíranse no apartado de outros méritos.

**CONTRATADO DOUTOR, CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE, PROFESOR TITULAR DE
UNIVERSIDADE E CATEDRÁTICO DE E.U. INTERINOS**

*** BAREMO DE MÉRITOS ***

- 1. FORMACIÓN ACADÉMICA.-** Valoraranse neste apartado as titulacións segundo a súa adecuación para o desempeño da praza convocada até un máximo de 6,5 puntos, distribuídos do seguinte xeito:
 - 1.1. Expediente académico: máximo 2 puntos.
 - 1.2. Estudos de Terceiro Ciclo: máximo 0,5 puntos, en función da cualificación.
 - 1.3. Tese de Doutoramento: máximo 2 puntos, en función da cualificación.
 - 1.4. Premios extraordinarios: máximo 2 puntos
- 2. FORMACIÓN/EXPERIENCIA DOCENTE (máximo 24 puntos)**
 - 2.1. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo completo: 3 puntos por ano.
 - 2.2. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial (6 horas lectivas semanais): 2 puntos por ano.
 - 2.3. Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial (3 horas lectivas semanais): 1 punto por ano.
 - 2.4. Colaboración como bolseiro na docencia cun mínimo de 30 horas: até 0,50 puntos por ano.
 - 2.5. Docencia non universitaria: até 0,25 puntos por ano.
 - 2.6. Participación en accións de formación e innovación educativa: máximo 4 puntos.
 - (*) 2.7. Actividade docente desenvolvida na Universidade da Coruña: máximo 8 puntos.
- 3. FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA (máximo 28 puntos)**
 - 3.1. Bolsas de posgrao competitivas: máximo 2 puntos.
 - 3.2. Estancias formativas ou como profesor invitado noutras universidades: máximo 4 puntos.
 - 3.3. Participación en proxectos de investigación, publicacións, comunicacións a congresos, etc.: máximo 22 puntos.
 - (*) 3.4. Actividade investigadora desenvolvida na Universidade de Coruña: máximo 10 puntos.
- 4. OUTROS MÉRITOS (máximo 9,5 puntos)**
 - 4.1. 5 puntos por ter a condición de habilitado para acceder ao corpo de profesores Titulares de Universidade
 - 4.2. Outros estudos de grao ou posgrao: máximo 3 puntos.
 - 4.3. Cursos recibidos: máximo 0,5 puntos
 - 4.4. Cursos impartidos: máximo 1 punto.
 - 4.5. Coñecemento de idiomas: até 0,5 puntos por idioma, cun máximo de 1,5 puntos.
 - 4.6. Coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma e da UDC: máximo 1 punto.
 - 4.7. Outros méritos: até un máximo de 2,5 puntos.

(*) Apartados específicos aos que fai referencia o artigo 7.5

NOTA: As puntuacións máximas nos apartados de tese de doutoramento, docencia no ámbito universitario, colaboración como bolseiros, e traballos publicados, corresponderán a actividades realizadas na área de coñecemento da praza obxecto do concurso, de tratarse de área afín a puntuación máxima será a metade.

As actividades como profesor titor da UNED incluíranse no apartado de outros méritos.

PROFESORES ASOCIADOS

* BAREMO DE MÉRITOS *

1. **FORMACIÓN ACADÉMICA.-** Valoraranse neste apartado as titulacións segundo a súa adecuación para o desempeño da praza convocada até un máximo de 7,5 puntos, distribuídos do seguinte xeito:
 - 1.1. Expediente académico: máximo 3 puntos
 - 1.2. Estudos de Terceiro Ciclo: máximo 1 punto, en función da cualificación.
 - 1.3. Tese de Doutoramento: máximo 1,5 puntos.
 - 1.4. Premios extraordinarios: máximo 2 puntos
2. **EXPERIENCIA DOCENTE (máximo 4 puntos)**
3. **FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA (máximo 4 puntos)**
4. **EXPERIENCIA PROFESIONAL FÓRA DO ÁMBITO UNIVERSITARIO (máximo 15 puntos)**
5. **OUTROS MÉRITOS (máximo 3 puntos).-** Neste apartado computarase expresamente o coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma e da UDC

NOTA: As puntuacións máximas nos apartados de tese de doutoramento, docencia no ámbito universitario, colaboración como bolseiros, e traballos publicados, corresponderán a actividades realizadas na área de coñecemento da praza obxecto do concurso, de tratarse de área afín a puntuación máxima será a metade.

As actividades como profesor titor da UNED incluíranse no apartado de outros méritos.

NORMAS DE APLICACIÓN DO BAREMO

Primeira.- Normas de aplicación para a valoración do rendemento académico

1.- Valoración dos expedientes académicos de primeiro e segundo ciclo.

Os expedientes académicos valóranse conforme a seguinte táboa de equivalencias e sistema de cálculo:

Táboa de equivalencias:

Matrícula de honra	4
Sobresaliente.....	3
Notable	2
Aprobado.....	1
Validado.....	1

Cálculo da puntuación do expediente académico:

Planos de estudos renovados (por créditos):

$$\frac{\sum (\text{Núm.créds. da materia} \times \text{Cualificación da materia} / \text{Número de convocatorias usadas na materia})}{\text{Número total de créditos cursados}}$$

Planos de estudos non renovados:

$$\frac{\sum (\text{Cualificación da materia} / \text{Número de convocatorias usadas na materia})}{\text{Número total de materias cursadas}}$$

Para este caso, as materias cuatrimestrais computarán como media materia.

A puntuación obtida do expediente académico deberase multiplicar por un factor K segundo a praza a que se concursar.

Valores de K:

Axudante	4
Axudante Doutor	3
Colaborador / Profesor Titular de E.U. Interino.....	2
Contratado Doutor/Catedrático de Universidade, Profesor Titular de Universidade e Catedrático de E.U. Interinos.....	0,50
Profesor Asociado	0,75

2.- Valoración dos expedientes académicos de Terceiro Ciclo.

Os cursos de Terceiro Ciclo valóranse conforme a seguinte táboa de equivalencias e sistema de cálculo:

Sobresaliente =	3
Notable =	2
Aprobado =	1
Validado =	1

A puntuación obtida do expediente académico deberase multiplicar por un factor K segundo a praza a que se concursar.

Valores de K:

Axudante	1,33
Axudante Doutor	0,66
Colaborador / Profesor Titular de E.U. Interino.....	0,33
Contratado Doutor/Catedrático de Universidade, Profesor Titular de Universidade e Catedrático de E.U. Interinos.....	0,16
Profesor Asociado	0,33

3.- Grao de doutor:

A valoración farase en relación coa cualificación outorgada á Tese de Doutoramento e de acordo coas seguintes táboas de equivalencias segundo esta for cualificada.

Sobresaliente cum laude	4
Sobresaliente.....	3
Notable	2
Aprobado	1
Apto cum laude.....	4
Apto	2

A puntuación obtida deberase multiplicar por un factor K segundo a praza a que se concursar.

Valores de K:

Axudante	1
Axudante Doutor	1
Colaborador / Profesor Titular de E.U. Interino.....	0,5
Contratado Doutor/Catedrático de Universidade, Profesor Titular de Universidade e Catedrático de E.U. Interinos.....	0,5
Profesor Asociado	0,37

Segunda.- Normas para o cálculo de puntuacións para cada un dos apartados do baremo e a súa posterior normalización

Naqueles apartados do baremo en que algún/ha dos/as candidatos ou candidatas exceder do máximo autorizado procederase á normalización das puntuacións, outorgándose a puntuación máxima autorizada a quen obtiver a maior puntuación, deducíndose para o resto dos aspirantes a puntuación que lles corresponder conforme a seguinte fórmula:

$$PN = \frac{\text{Puntuación do candidato ou candidata}}{\text{Puntuación do candidato ou candidata con maior puntuación}} \times \text{máxima permitida do apartado}$$

(PN=Puntuación normalizada)

Terceira.- Puntuación final

A puntuación final será a suma total de todos os apartados do baremo.

ANEXO II

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE CONTRATADOS DOUTORES.

De acordo co establecido no art. 84 dos Estatutos da Universidade da Coruña, a selección dos contratados doutores, agás o previsto na disposición transitoria terceira dos Estatutos para o profesorado da UDC, axustarase ao seguinte procedemento:

Artigo 1.

1. O Presidente da Comisión convocará aos concursantes ó acto de presentación nun prazo mínimo de 15 días e máximo de dous meses, a computar desde a publicación da Resolución reitoral pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal.
2. No acto de presentación, que será público, os concursantes entregarán ao Presidente a seguinte documentación:
 - a) Historial académico, docente e investigador, e no seu caso caso asistencial-sanitario, por quintuplicado, así como un exemplar das publicacións e documentos acreditativos do consignado no mesmo.
 - b) Proxecto docente, por quintuplicado, que o candidato se propón desenvolver de serlle adxudicada a praza á que concursa; dito proxecto axustarase, se se fixasen na convocatoria, ás especificacións establecidas.

Artigo 2.

1. No acto de presentación, os concursantes recibirán cantas instrucións sobre a celebración das probas deban comunicárselles; así mesmo determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos concursantes e fixarase o lugar, data e hora do comezo das probas.
2. As probas serán públicas e cada unha delas será eliminatoria

Artigo 3.

1. A primeira proba consistirá na exposición oral dos méritos e historial académico, docente e investigador e, no seu caso, asistencial-sanitario, alegados polo concursante. Así mesmo, o concursante deberá presentar e defender o proxecto docente e investigador a desenvolver no caso de lle ser outorgada a praza.
2. A exposición de cada candidato non poderá sobardar os 90 minutos.
3. Seguidamente, a Comisión debaterá co candidato sobre os seus méritos, historial académico e investigador e sobre o proxecto docente e investigador presentado, durante un tempo máximo de dúas horas.
4. Finalizada a proba, cada membro da Comisión entregará ao Presidente un informe razoado de valoración dos méritos e historial académico, docente e investigador, e de ser o caso asistencial-sanitario, así como o proxecto docente e investigador alegado e defendido por cada candidato.
5. Á vista dos informes, a Comisión procederá a unha votación, non sendo posible a abstención, para determinar o paso dos candidatos ás probas sucesivas. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

Artigo 4.

1. A segunda proba consistirá na exposición oral dun tema do programa presentado pola persoa candidata e elixido por esta de entre tres sacados a sorteo, durante un tempo máximo dunha hora. Seguidamente, a Comisión debaterá co/a candidato/a sobre os contidos expostos, a metodoloxía a utilizar e todos aqueles aspectos que estime relevantes en relación co tema, durante un tempo máximo de dúas horas.
2. Os candidatos disporán dun tempo máximo dunha hora para a preparación da exposición do tema.

3. Finalizada a proba, cada membro da Comisión entregará ao Presidente un informe razoado valorando os contidos e metodoloxía expostos por cada uno dos candidatos.
4. Á vista dos informes, a Comisión procederá a unha votación, sen que sexa posible a abstención, para determinar o paso á terceira proba. Non pasarán á seguinte proba os candidatos que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

Artigo 5.

1. A terceira proba consistirá na exposición oral polo/a candidato/a, durante un tempo máximo de noventa minutos, dun traballo orixinal e inédito de investigación realizado polo/a candidato/a. Seguidamente, a Comisión debaterá co candidato todos aqueles aspectos que estimara relevantes en relación co traballo orixinal de investigación, durante un tempo máximo de dúas horas.
2. O candidato entregará ao Presidente da Comisión un resumo ou guión escrito, por quintuplicado, do traballo de investigación, ao facerse público o resultado favorable da segunda proba.
3. Finalizada a proba, cada membro da Comisión entregará ao Presidente un informe razoado valorando os contidos e a metodoloxía expostos por cada unha das persoas candidatas.
4. Á vista dos informes, a Comisión procederá á votación, sen que sexa posible a abstención.

ANEXO III

DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS E ESTRUTURA DO CURRÍCULO

1. FORMACIÓN ACADÉMICA

1.1. Expediente académico.- Só serán valorables os expedientes académicos dos que achegaren un certificado, ou copia deste, en que se identifique plenamente o titular do certificado e a sinatura da autoridade que o expida, así como o número de convocatorias utilizadas para superar a materia.

Se a titulación fose só de segundo ciclo ou o concursante cursase só o segundo ciclo, deberá presentar a certificación do primeiro ciclo que lle dese acceso aos estudos de segundo ciclo cursados.

Para os efectos destas valoracións, entenderase por convocatorias utilizadas aquelas en que se superou a materia e as anteriores en que apareza a cualificación de suspenso.

Os expedientes académicos expedidos por universidades estranxeiras, de non se poderen valorar do xeito exposto neste apartado, serán valorados como aprobado.

1.2. Acreditación dos estudos de Terceiro Ciclo.- Deberá acreditarse mediante certificación académica en que figure perfectamente identificado o candidato ou candidata e a sinatura da autoridade que a expide.

1.3. Acreditación da Tese de Doutoramento.- Deberá realizarse mediante copia do título ou certificación do pagamento dos dereitos, así como documento en que se reflecta o Departamento en que realizou a Tese, o título e o director desta.

2. EXPERIENCIA DOCENTE

2.1. Docencia universitaria ou en centros públicos non universitarios.- Deberá acreditarse mediante unha certificación de servizos prestados e mais unha certificación en que se especifique a docencia impartida e durante que períodos se impartiu.

2.2. Docencia en centros privados.- Acreditarase mediante a presentación dos contratos e unha certificación do centro en que se especifique a docencia impartida e durante que períodos se impartiu.

Se a docencia fose impartida como bolseiro/a, deberá achegar a credencial da bolsa.

3. FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA E OUTROS MÉRITOS

3.1. Acreditación das publicacións, libros, artigos científicos, capítulos de libros etc.

Só serán consideradas como libros aquelas publicacións en que conste o ISBN, e, se for o caso, o depósito legal.

Os concursantes deberán achegar o texto íntegro das publicacións, quer presentando copias, quer orixinais.

Así mesmo, poderán ser valorados os traballos non publicados antes da fin da data do concurso sempre que se achegaren os textos íntegros e certificación da editorial da cal se deduza a súa publicación.

3.2. Acreditación dos relatorios e comunicacións en congresos

Esta acreditación farase cun exemplar (orixinal ou copia) do traballo, así como certificación da organización do congreso, copia do programa ou do índice das actas.

As actas dos congresos non se considerarán para os efectos deste baremo como libros, aínda que tiveren ese formato cos requisitos citados no apartado 1.

3.3. Acreditación da participación en Proxectos de investigación

Só será valorable a participación en proxectos que foren acreditados como tales⁵ cunha certificación expedida pola autoridade correspondente de centros oficiais de investigación.

De non poder dispor do devandito certificado, será preciso o informe do investigador principal en que se especifique:

- a) a duración do proxecto,
- b) a duración da participación do interesado neste,
- c) e a dedicación horaria semanal do interesado.

Acompañarase a folla da solicitude do proxecto en que figure a relación do persoal investigador coa súa sinatura e a súa dedicación, así como copia da comunicación da concesión do proxecto. Se a incorporación é posterior ao inicio do desenvolvemento do proxecto, será precisa unha copia do escrito de aceptación da entidade financiadora.

Producirán plenos efectos para a acreditación de participación en proxectos de investigación as certificacións/informes que, reunindo os requisitos recollidos no apartado anterior, foran expedidas con anterioridade á data de remate de presentación de solicitudes fixada nesta convocatoria.

3.4. Acreditación das estadias noutros centros de investigación

Certificación da autoridade que dirixa o centro, departamento, instituto ou equivalente onde se realiza a estadia.

3.5. Acreditación de bolsas ou contratos de investigación equivalentes

Bolsas ou contratos recoñecibles: FPI, predoutorais da comunidade autónoma, e outras bolsas ou contratos de investigación equivalentes recoñecidos como tales pola universidade.

Acreditación: mediante certificado do Vicerreitorado de Investigación onde se indique tipo de bolsa ou contrato equivalente, data de inicio e data de remate.

De non poder dispor do devandito certificado, será precisa unha copia da credencial de bolseiro ou documento emitido pola entidade que concedeu a bolsa en que se especifique a data de concesión e duración desta; no caso dos contratos, será necesario presentar copia do contrato.

3.6. Acreditación doutros méritos

Deberán acreditarse mediante contratos, certificacións ou diplomas en que se identifique correctamente tanto o candidato como a autoridade e institución que o expide.

⁵ **Texto suprimido**
co certificado do Vicerreitorado de Investigación ou

ESTRUTURA DO CURRÍCULO

1. FORMACIÓN ACADÉMICA.:

Expediente académico
Estudos de Terceiro Ciclo
Tese de Doutoramento
Premios extraordinarios

2. EXPERIENCIA DOCENTE

Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo completo
Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial
Colaboración como bolseiro na docencia cun mínimo de 30 horas e un máximo de 80 horas anuais
Docencia non universitaria

3. FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Bolsas de posgrao competitivas
Estancias formativas noutras universidades
Participación en traballos ou proxectos competitivos de investigación, certificados polo investigador principal ou polo organismo correspondente
Libros, artigos publicados, patentes, premios, modelos de utilidade, etc.
Relatorios e comunicacións a congresos

5. OUTROS MÉRITOS

Outras licenciaturas ou diplomaturas
Estudos de posgrao
Experiencia profesional fóra do ámbito universitario
Cursos recibidos ou impartidos
Coñecemento de idiomas
Coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma e da UDC

A xustificación dos méritos alegados deberá realizarse conforme ao que se dispón no Anexo III.

A non presentación do currículo conforme ao establecido neste apartado supoñerá a inadmisión deste

ANEXO IV

Catálogo de áreas afines

Cód.	Área principal	Afinidad 1.º	Afinidad 2.º	Afinidad 3.º
025	Anatomía y Anatomía Patológica Comparadas.	Sanidad Animal.		
028	Antropología Física.	Zoología.		
033	Arqueología.	Prehistoria.		
038	Astronomía y Astrofísica.	Física de la Tierra.		
040	Biblioteconomía y Documentación.	Ciencias y Técnicas Historiográficas.		
083	Ciencias y Técnicas de la Navegación.	Construcciones Navales.	Máquinas y Motores Térmicos.	Ingeniería Mecánica.
085	Ciencias y Técnicas Historiográficas.	Historia Antigua.		
095	Comercialización e Investigación de Mercados.	Organización de Empresas.		
100	Composición Arquitectónica.	Expresión Gráfica Arquitectónica.		
105	Comunicación Audiovisual y Publicidad.	Periodismo.		
110	Construcciones Arquitectónicas.	Ingeniería de la Construcción.		
115	Construcciones Navales.	Máquinas y Motores Técnicos.	Ciencias y Técnicas de la Navegación.	Ingeniería Mecánica.
183	Dermatología.	Medicina.		
185	Dibujo.	Pintura.	Escultura.	
187	Didáctica de la Expresión Corporal.	Educación Física y Deportiva.	Didáctica y Organización Escolar.	
189	Didáctica de la Expresión Musical.	Música.	Didáctica de la Expresión Plástica.	Didáctica y Organización Escolar.
193	Didáctica de la Expresión Plástica.	Dibujo.	Expresión Gráfica Arquitectónica.	Composición Arquitectónica.
195	Didáctica de la Lengua y la Literatura.	Lengua Española.		
200	Didáctica de la Matemática.	Matemática Aplicada.		
205	Didáctica de las Ciencias Experimentales.	Didáctica y Organización Escolar.		
210	Didáctica de las Ciencias Sociales.	Didáctica y Organización Escolar.		
245	Educación Física y Deportiva.	Didáctica de la Expresión Corporal.	Fisioterapia.	
247	Electromagnetismo.	Física Aplicada.		
255	Enfermería.	Medicina.		
260	Escultura.	Dibujo.	Pintura.	Historia del Arte.
270	Estética y Teoría de las Artes.	Filosofía.	Historia del Arte.	
275	Estomatología.	Cirugía.		
285	Estudios Árabes e Islámicos.	Estudios Hebreos y Arameos.		
290	Estudios Hebreos y Arameos.	Estudios Árabes e Islámicos.		
295	Explotación de Minas.	Prospección e Investigación.	Ingeniería del Terreno.	
300	Expresión Gráfica Arquitectónica.	Composición arquitectónica.		
305	Expresión Gráfica en la Ingeniería.	Proyectos e Ingeniería.	Expresión Gráfica Arquitectónica.	Ingeniería Cartográfica.
320	Filología Alemana.	Filología Inglesa.		
327	Filología Eslava.	Lingüística General.	Lingüística Indoeuropea.	
350	Filología Italiana.	Filología Románica.		
365	Filología Vasca.	Lingüística General.	Lengua Española.	
370	Filología Gallega y Portuguesa.	Filología Románica.		
383	Filosofía Moral.	Filosofía.		
398	Física de la Tierra.	Astronomía y Astrofísica.		
413	Fisioterapia.	Radiología y Medicina Física.	Medicina.	
427	Geodinámica Externa.	Geodinámica Interna.		
428	Geodinámica Interna.	Geodinámica Externa.		
430	Geografía Física.	Análisis Geográficos y Regional.		
443	Histología.	Biología Celular.		
460	Historia de la Ciencia.	Lógica y Filosofía de la Ciencia.		
475	Historia del Pensamiento y de los Movimientos Sociales y Políticos.	Ciencia Política y de la Administración.		
495	Ingeniería Aeroespacial.	Ingeniería Mecánica.		
500	Ingeniería Agroforestal.	Producción Vegetal.		
505	Ingeniería Cartográfica, Geodésica y Fotogrametría.	Expresión Gráfica en la Ingeniería.	Ingeniería del Terreno.	Ingeniería Agroforestal.
510	Ingeniería de la Construcción.	Mecánica de Medios Continuos y Teoría de Estructuras.		
515	Ingeniería de los Procesos de Fabricación.	Ingeniería Mecánica.		
525	Ingeniería del Terreno.	Ingeniería Hidráulica.		
530	Ingeniería e Infraestructura de los Transportes.	Ingeniería de la Construcción.	Ingeniería del Terreno.	
535	Ingeniería Eléctrica.	Tecnología Electrónica.		
540	Ingeniería Hidráulica.	Ingeniería del Terreno.		
550	Ingeniería Nuclear.	Máquinas y Motores Térmicos.		
560	Ingeniería Telemática.	Arquitectura y Tecnología de Computadores.		
565	Ingeniería Textil y Papelera.	Ingeniería Química.		
566	Inmunología.	Anatomía Patológica.		
568	Lengua y Cultura del Extremo Oriente.	Lingüística General.		
580	Lingüística Indoeuropea.	Lingüística General.		

Cód.	Área principal	Afinidad 1.º	Afinidad 2.º	Afinidad 3.º
590	Máquinas y Motores Térmicos.	Ingeniería Mecánica.		
600	Mecánica de Fluidos.	Ingeniería Hidráulica.		
613	Medicina Legal y Forense.	Toxicología.		
615	Medicina Preventiva y Salud Pública.	Medicina.		
617	Medicina y Cirugía Animal.	Sanidad Animal.		
625	Métodos de Investigación y Diagnóstico en Educación.	Psicología Evolutiva y de la Educación.		
635	Música.	Historia del Arte.		
645	Obstetricia y Ginecología.	Cirugía.		
646	Oftalmología.	Cirugía.		
653	Otorrinolaringología.	Cirugía.		
660	Parasitología.	Microbiología.		
685	Petrología y Petroquímica.	Cristalografía y Mineralogía.		
690	Pintura.	Dibujo.	Escultura.	
710	Prospección e Investigación Minera.	Explotación de Minas.	Ingeniería del Terreno.	Petrología y Geoquímica.
715	Proyectos Arquitectónicos.	Composición Arquitectónica.		
720	Proyectos de Ingeniería.	Ingeniería de la Construcción.	Expresión Gráfica en la Ingeniería.	
725	Psicobiología.	Psicología Básica.		
745	Psiquiatría.	Medicina.		
770	Radiología y Medicina Física.	Medicina.		
790	Tecnologías del Medio Ambiente.	Ingeniería Química.		
796	Teoría de la Literatura y Literatura Comparada.	Literatura Española.		
807	Toxicología.	Medicina Legal y Forense.		
813	Trabajo Social y Servicios Sociales.	Ciencia Política y de la Administración.		
814	Traducción e Interpretación.	Lengua Española.		
815	Urbanística y Ordenación del Territorio.	Tecnologías del Medio Ambiente.	Ingeniería e Infraestructura de los Transportes.	

ANEXO V

DILIXENCIA DE REFRENDO DO CURRÍCULO

Dilixencia do solicitante

D./D^a. _____, con DNI núm. _____

FAI CONSTAR: Que o presente volume consta de _____ folios, numerados correlativamente do 1 ao _____, e os anexos que se achegan baixo os títulos de:

constitúen a documentación acreditativa dos méritos alegados no currículum vitae que se achega para optar á praza núm. _____ convocada pola Universidade da Coruña, e concordan fielmente cos orixinais que, obrando no seu poder, se compromete a achegar no caso de lle seren requiridos. E, para que conste, asino a presente en _____, a _____ de _____ de 200__

(Sinatura do/a interesado/a)

Dilixencia do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña

O/a encargado/a do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, **FAI CONSTAR:** Que o presente volume está constituído por _____ folios, e que acompañan ao mesmo os anexos referidos na dilixencia do solicitante.

A Coruña, _____ de _____ de 200__